



TEXTO: Diego Bará
ILUSTRADORA: Bea Gregores
ISBN: 978-84-8289-718-9 galego

PUBLICACIÓN: marzo 2025
COLECCIÓN: Miudiños
MEDIDAS: 17 x 25 cm
PÁXINAS: 32
IDADE ORIENTATIVA: +8
PREZO CON IVE: 14.95€

Nova entrega de MIUDIÑOS

Chega un novo título da colección **MIUDIÑOS**, que nos achega, a través de palabras e imaxes, a vida de personaxes senlleiros da nosa cultura.

Neste libro, coñeceremos a **María Miramontes e Ánxel Casal**, dúas figuras fundamentais na loita pola nosa lingua e cultura. A súa historia é un exemplo de paixón, resistencia e amor pola cultura galega, un legado que aínda hoxe seguimos lembrando.

María Miramontes naceu en Guisamo, Bergondo, en 1895 e dedicou a súa vida a defender a lingua e a cultura galega. Traballaba como costureira na Coruña, pero a súa verdadeira paixón levouna a unirse ás **Irmandades da Fala** e a apoiar a **editorial Nós**, que dirixía o seu marido Ánxel Casal, sendo éste un dos primeiros e máis relevantes editores na época moderna da nosa lingua.

En 1936, tras o asasinato de Ánxel, María tivo que exiliarse en Bos Aires, pero nunca deixou de loitar por Galicia. Grazas ao seu traballo, o galego seguiu vivo mesmo nos momentos máis difíciles.

A colección mestura biografías con textos rimados, permitindo que as nenas e nenos se familiaricen coa vida e obra de persoas senlleiras da nosa cultura dun xeito ameno e entretido.

A través dos relatos de figuras clave da nosa historia e cultura, **MIUDIÑOS** promove o coñecemento e a valoración da identidade galega entre as novas xeracións.

